

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE PORQUEIRA PARA MELLORA DE INFRAESTRUTURAS TURÍSTICAS NO NÚCLEO DE PARADELA DE ABELEDA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello de Porqueira o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia e o concello de Porqueira para a mellora de infraestruturas turísticas no núcleo de Paradela de Abeleda.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de Autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade (artigo 27.21).

Tal e como establece a Lei 7/2011, de 27 de outubro, do turismo de Galicia, a Xunta de Galicia, propiciará unha ordenación racional, equilibrada e sustentable dos recursos turísticos co obxectivo de garantir o equilibrio territorial e, para conseguir este fin, establecerá as pertinentes canles de cooperación con outras administracións tanto estatais como autonómicas e locais, así como co sector privado.



A Axencia de Turismo de Galicia é a entidade da Xunta de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de ordenación, promoción, xestión e fomento do turismo.

A Axencia de Turismo de Galicia ten entre os seus obxectivos básicos levar a cabo accións de potenciación e desenvolvemento do turismo na Comunidade Autónoma de Galicia, como un factor de crecemento económico, polo que entre as súas prioridades está a de contribuír á realización de actuacións que impliquen conseguir este obxectivo.

Segundo.- As entidades locais teñen atribuídas, a teor dos artigos 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e 25.2 h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, competencias en materia de información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

Entre as competencias que, no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, lle corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 7/1997, do 22 de xullo, de administración de Galicia, está a de cooperación e colaboración, as cales se poden levar a cabo mediante a formalización de convenios.

Para lograr esta finalidade a Axencia de Turismo de Galicia, acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio ás iniciativas das entidades locais.

Terceiro.- O Concello de Porqueira no seu propósito de fomentar as actividades turísticas e culturais, como un importante sector de desenvolvemento nas zonas rurais, está a promover todos aqueles aspectos e actuacións que faciliten o acceso de todos os veciños e visitantes a aquelas zonas que pola súa importancia turística merecen ser visitadas.

O Concello de Porqueira pretende mellorar as infraestruturas turísticas no núcleo de Paradela de Abeleda.



Céntranse as actuacións nun mesmo núcleo, debido á gran cantidade de elementos de interese etnográfico e da arquitectura tradicional dos que dispón, contando cun forno, un cruceiro, cinco fontes e dous lavadoiros/tanques. Así mesmo a intención é que todos os elementos dese núcleo queden totalmente restaurados, acondicionados e rematados, creando un entorno turístico pleno sen deixar ningún fóra.

O concello pretende levar a cabo as seguintes actuacións:

- Forno, tanque e cruceiro situados na praza do centro de Paradela

Restauración da cuberta do forno e acondicionamento do interior, xa que a entrada de auga danou o encintado e acabado, revestimento do tanque de auga e eliminación do encintado en cemento do cruceiro con mellora da súa accesibilidade mediante zona de adoquinado. Por último procederáse á iluminación destes elementos, co fin de crear un entorno en harmonía e unha praza turisticamente atractiva.

- Fontes e tanque

Mellora da accesibilidade, limpeza e mellora do encintado. No seu caso eliminarase o encintado en cemento e os bloques de formigón das fontes que o teñan.

As actuacións anteriores realizaranse con materiais acordes co entorno, sen danar o existente nin eliminar ningún elemento característico ou de relevancia arquitectónica. Empregarase pedra do país para o acceso ás distintas fontes, a modo de lousas e lastras. No caso do forno empregárase madeira e tella cerámica curva igual á existente.

Por outro lado cabe destacar ademais a gran calidade da auga nesta zona, que fai que a xente siga usándoa para o seu consumo. A idade avanzada de poboación e o estado no que se atopan os accesos a algunhas delas, fai que sexa necesario a mellora de accesibilidade.



Isto, xunto coa importancia que dende este concello se lle da á recuperación, conservación e posta en valor do patrimonio turístico, arqueolóxico e cultural local fai que unha das prioridades sexa a de cumprir cos principios de calidade e accesibilidade en todos eses destinos turísticos que dende este concello se pretenden valorizar como fomento do turismo.

Cuarto.- Este proxecto supón a posta en valor dos recursos turísticos do concello, o que tamén contribuirá á revalorización do turismo da Comunidade Autónoma.

Que a través deste convenio, outórgase ó Concello de Porqueira unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

